

A ESCOLA DA VIDA

## Divertimentos funestos

21.08.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Diversión e xuventude son dúas palabras que case sempre van unidas. Iso corrobóranos a típica frase dos maiores: "Se non se divirten agora...". Pero non toda diversión é sa e agradable. Non é san emborracharse e cometer todo tipo de tropelías, e non é agradable que os demais teñan que pagar as consecuencias deses despropósitos.

Moitos mozos e non tan mozos fan turismo en España, porque é un país onde a diversión non parece ter límites e onde a liberdade non está establecida polas normas, como nos seus países de orixe. Os franceses e outros estranxeiros din que España é o país da festa e a sesta, ou o que é o mesmo, da esmorga e a nugalla. Aos de aquí parécenos unha imaxe totalmente perversa, pero porén alimentámola. E facémolo incumprindo as nosas propias normas, permitindo macrobotellóns na rúa, atraendo un tipo de turismo alcólico e falto de escrúpulos polo que non é o seu.

O último desta espiral de despropósitos, son eses tipos que -nese spanglish que a algúns lles gusta-fan balconing, é dicir que se guindan desde un balcón a unha piscina ou pasan dun cuarto a outro pola galería. Algúns, con pretendida subida de adrenalina, perden a súa vida na baixada. O máis grave é que, como todo se pega, sobre todo se é perigoso, isto parece que leva trazas de ser copiado sen remisión. A opción dalgúns hostaleiros ante esta situación é instalar estes perigosos suicidas nas plantas máis baixas dos seus hoteis, cando o propio sería poñelos a disposición da policía e, se fosen estranxeiros, repatrialos como individuos perigosos. Pero somos un país permisivo, e o que sería lóxico noutros lugares, aquí pásase por alto, porque seguimos confundindo autoridade con autoritarismo e liberdade con libertinaxe. Penalízanse as drogas, pero somos o país de entrada internacional para os narcotraficantes; arbitranse normas contra o bullicio, pero somos dos países máis ruidosos do mundo; prohibese a venda e consumo de alcohol aos menores de idade pero non se clausuran bares e chiringuitos nos que se lles vende ata acabar coas súas existencias...

Ante calquera desmadre xuvenil, a sociedade pide máis educación, pero o que falta é máis civismo, ou sexa, conciencia colectiva dos problemas. Por iso, se non nos tomamos en serio, non faremos que nos tomen os demais.